

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE CONTRATAR O SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PARA "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE PORTO DO SON" (FINANCIADO CON CARGO AO FONDO ADICIONAL AL FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

EXPEDIENTE: 1064/2024 (relacionado co da subvención 343/2024)

1. Necesidades a satisfacer co contrato.

Conforme ao indicado no artigo 28 da Lei 9/2027, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP): " As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación

Actualmente o campo de fútbol de Porto do Son (cuxo uso foi cedido previo acordo da Comunidade de Montes de Baroña e previo decreto de alcaldía nº 605/2024 de 27.06.2024 de avocación de competencias para aceptar a cesión gratuíta (sen contraprestación) do uso das parcelas de titularidade da Comunidade de Montes de Baroña onde está situado o campo de fútbol Emilio García, acordo de cesión formalizado en escritura pública nº 417 de data de 05.07.2024, expediente nº 2881/2022), tal e como sinala a memoria do proxecto técnico descritivo das actuacións a realizar, dispón dunha instalación de alumeado para o uso en horario nocturno destas instalacións. A instalación actualmente dispón de proxectores con lámparas de halogenuros metálicos na parte superior das torres de 18 metros de altura, montados nas súas respectivas crucetas. Por lo que se pode apreciar visualmente, e as medicións realizadas, algúns proxectores e os seus equipos auxiliares teñen diminuído considerablemente o seu rendemento e se atopan na fase final da súa vida útil.

É por isto que o Concello de Porto do Son decidiu solicitar unha subvención ao abeiro da Orde de 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos Concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes (DOG nº 32 de febreiro de 2024) coa finalidade de substituír os proxectores existentes por outros de tecnoloxía LED, máis eficientes coa finalidade de mellorar a eficiencia enerxética e conseguir reducir os consumos enerxéticos e de emisións de CO2. Así mesmo coa actuación se consegue adecuar o alumeado do campo de fútbol aos valores establecidos pola normativa.

O proxecto para levar a cabo a citada actuación foi redactado polo enxeñeiro técnico industrial ICOIIG con número de colexiado 2724, Javier García Villamisar, onde se describen as actuacións a realizar e se explica máis pormenorizadamente a razón da presente contratación. (R.E. nº 2352/2024).

O subministro do presente contrato non pode ser xestionado de maneira directa polo Concello de Porto do Son ao non dispoñer de medios propios materiais ni persoais para levar a cabo o presente contrato.

2. División en lotes.

O contrato non se divide en lotes dado que a natureza da prestación, consistente basicamente na subministración de proxectores de tecnoloxía LED que substitúen aos actuais así como a instalación dos mesmos, fai necesaria a coordinación da execución dos traballos, pola contra correríase o risco dunha execución inadecuada do contrato. Por iso, á mellor opción é non dividir en lotes as diferentes partes da prestación, de forma que a realización da prestación por un mesmo licitador que forneza e realice os traballos descritos no PPT, facilita a xestión do contrato. Por outra banda, o orzamento do contrato permite a presentación de ofertas por pequenas e medianas empresas, sen diminución da concorrència.

3. Orzamento, valor estimado do contrato e procedemento de adxudicación.

3.1. De conformidade co disposto no artigo 101 LCSP o valor estimado para esta contratación, para a duración prevista do contrato incluíndo as posibles prórrogas, primas, modificados e contratos complementarios, ascende á cantidade de 50.791,10 euros. O desglose do orzamento aparece detallado no Proxecto técnico referido no punto 1 do presente informe.

3.2. O orzamento basee de licitación, xustificado de conformidade co previsto no artigo 100.2 LCSP sobre o que os licitadores presentarán oferta á baixa é de: 50.791,10 euros máis IVE de 61.457,23 €.

3.3 Atendida a contía do valor estimado do contrato, así como á urxencia de acelerar a licitación en atención ao perentorios prazos de xustificación fixados polo órgano subvencionante (Xunta de Galicia, financiado con cargo ao Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación, Orden de 7 de febreiro de 2024 de DOG nº 32 de 14.02.2024), considérase preciso tramitar o presente expediente de contratación por procedemento aberto previsto no artigo 131 da LCSP, previa declaración de urxencia en aplicación do previsto no artigo 119 da LCSP e conforme á fundamentación sinalada.

4. Solvencia económica e técnica.



Conforme ao previsto no artigo 87.1 a) e b) da LCSP a solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse mediante todos e cada un dos seguintes medios:

- A** Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles. Se considerará acreditada a solvencia si o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao seguinte porcentaxe do valor estimado do contrato :
 - 150 %
- B** Existencia dun seguro de responsabilidade civil por unha cobertura mínima de 300.000 euros e unha franquicia máxima de 300 euros por prexuízo ou sinistro, que cubra os posibles danos ocasionados como consecuencia da execución das prestacións deste contrato. Se xustificará a súa concertación coa aportación do correspondente contrato de seguro xunto con copia do recibo do pago da prima que acredite a súa vixencia.

Conforme ao previsto nos artigos 89.1 a), b) e f) da LCSP, a solvencia técnica acreditarase mediante todos e cada un dos seguintes medios, seguindo a enumeración dos artigos 89 e 90 LCSP:

A. Experiencia na xestión de negocios similares e/o experiencia no sector, presentando unha relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Entenderase acreditada a solvencia técnica cando o obxecto e contía dos servizos prestados coincida fundamentalmente co obxecto do presente contrato.

B. Indicación do persoal e unidades técnicas dispoñibles para a execución do contrato cos mínimos sinalados no Anexo IV. Acreditarase mediante a documentación acreditativa pertinente prevista no artigo II. 15.7 deste prego.

C. Esixirase ás empresas licitadoras a presentación dos certificados indicados no Anexo VII (ANEXO TÉCNICO II) do PCAP que deberán poñer de manifesto o cumprimento das prescricións técnicas mínimas contidas no proxecto técnico, supoñendo a falta de calquera destes documentos a EXCLUSIÓN do procedemento de adjudicación.

5. Criterios de adjudicación.

- Baixa sobre o prezo de licitación (máximo 43 puntos)

A comparación das ofertas dos licitadores realizarase utilizando o prezo sen IVE. .Para o seu desenvolvemento e aplicación aplicarase a fórmula de cálculo desenvolta en virtude dun convenio de investigación entre a Deputación provincial da Coruña e o Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, dispoñible na dirección: <https://www.dacoruna.gal/valoracion/fórmula> a utilizar: Fórmula de 2020. Con este criterio se persigue obter un aforro económico, outorgándolle preponderancia sobre o resto dos criterios.

- Mellora das características técnicas mínimas das luminarias obxecto de subministración previstas no proxecto técnico, de conformidade coa seguinte táboa de puntuacións (máximo 27 puntos):

CARACTERÍSTICAS MÍNIMAS SEGÚN PROYECTO	MEJORA OFERTADA	PUNTOS	
Eficacia del proyector (lm/W) (mínimo 120 lum/W)	120 lm/w	>140 lm/W	12
Rango de temperaturas de funcionamiento de la luminaria	Temperaturas ambiente de - 20°C a 35°	-40° a 40°	5
Grado de protección IP	66	67	10

Con este criterio se pretende mellorar a calidade das prestacións.

- Ampliación prazo de garantía total do produto funcionando (máximo 12 puntos)

Valorase a ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo de 2 anos. O prazo máximo de ampliación será de 48 meses. Outorgaranse 0,25 puntos por cada mes de ampliación ofrecido ata un máximo de 12 puntos. Este criterio repercute así mesmo nunha mellora da garantía.

6. Condicións especiais de execución do contrato.

De conformidade co previsto no artigo 202 LCSP, establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias a seguinte condición de execución: O contratista obrígase a que as luminarias retiradas en execución deste contrato sexan entregadas a un xestor de residuos autorizado para proceder á súa reciclaxe e valorización.

CONCLUSIÓN Á vista do anteriormente exposto, considérase xustificado con este documento o requisito previsto no artigo 116 e 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, relativo á necesidade e idoneidade de





contratación do subministro e instalación de iluminación para a mellora da eficiencia enerxética da iluminación do campo de fútbol de Porto do Son.

O Alcalde
Asdo.: José Luís Oujo Pouso
(documento asinado dixitalmente)

